



OURENSE, VINTEDOUS DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTECATRO

XUIZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 9-2024 / TEMPADA 2023-24

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

Competición: COPA GALEGA MASCULINA; ABSOLUTA

Equipos participantes: RCN VIGO - CW SANTIAGO

Día, hora e lugar: 10/02/2024, 19:45, AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

FEITOS

FEITO PRIMEIRO: O día 16/2/24 foi remitido a este Xuíz Único acta e anexo adxunto asinados polos árbitros do encontro. No anexo, textualmente, se recollen os seguintes feitos:

No minuto 0"24" do terceiro tempo amósalle tarxeta vermella o xogador visitante nº6, Dº P. Piñeiro (nºlicencia) por tras ser expulsado por 20" durante o xogo, dirixirse cara a zona de expulsión cos brazos en alto e protestando a decisión dos colexiados.

FEITO SEGUNDO: O mesmo día deuse trámite de audiencia ós interesados polo prazo de dous días hábiles.

FEITO TERCEIRO: Non se realizaron alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

FUNDAMENTO DE DEREITO PRIMEIRO: A redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "Iuris tantum" que non foi desvirtuada; a maior abundamento non se fixeron alegacións.

FUNDAMENTO DE DEREITO SEGUNDO: Os feitos como constitutivos de infracción **LEVE** do art.7. I. 1. epígrafe "A": Protestar de forma ostensible ou insistente aos xuíces, árbitros e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

FUNDAMENTO DE DEREITO TERCERO: As sancións que se poden impoñer, con base no artigo 8 son:

- a) Inhabilitación a perpetuidade
- b) Suspensión temporal. Privación da licenza federativa
- c) Amoestación.

FUNDAMENTO DE DEREITO CUARTO: As sancións que se contemplan para infraccións leve no art. 9 son, entre outras:

Suspensión de ata un mes, ou dun a catro encontros.

RESOLUCIÓN

Impor ó xogador xogador visitante nº6, Dº P. Piñeiro, con base nos feitos e fundamentos de dereito descritos:

SANCIÓN LEVE, computada no seu **grado mínimo** consistente en **SUSPENSIÓN TEMPORAL DA LICENCIA FEDERATIVA POR UN ENCONTRO DE CALQUERA CATEGORÍA**.

José Antonio Nóvoa
Colexiado en exercicio I.C.A. Ourense 2.623

Xuiz Unico Comité de Competición da FEGAN
Firmado dixitalmente



NOMBRE NOVOA
FERNANDEZ
JOSE ANTONIO -
NIF 44494421R